



## CONCELLO DE ORDES

Rúa Alfonso Senra, 108 - C.P. 15680  
Teléfono: 981680002 – Fax: 981682221  
[WWW.ORDES.GAL](http://WWW.ORDES.GAL)

exp. 2024/G003/001052

### RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** CONTRATACION DE OBRAS: “SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA NO EDIFICIO PÚBLICO DESTINADO A MOSTRA DO TRAXE JUANJO LIÑARES” (EXPDTE. 2024/C003/000007). APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACION

**EXPEDIENTE:** 2024/G003/001052

#### ANTECEDENTES-FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Expediente de contratación por procedemento aberto, art. 156 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), tramitación urxente, do contrato de obras “SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA NO EDIFICIO PÚBLICO DESTINADO A MOSTRA DO TRAXE JUANJO LIÑARES”, financiado pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ao abeiro do Convenio asinado, con data 02/07/2024, entre a citada Consellería e o Concello de Ordes (Expdte. 2024/C003/000007).

Vistos os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, que deben rexer a contratación, o certificado de existencia de crédito e evacuados os informes de Secretaría e de fiscalización previa da Intervención, como obran no expediente.

Visto o disposto nos arts. 13, 116, 117, 119, 131 e 156 a 158 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, (LCSP).

No uso das atribucións conferidas pola disposición adicional segunda, apartado 1º da Lei 9/2017, de 8 de novembro (LCSP), **RESOLVO:**

1º.- Aprobar o proxecto técnico redactado para a execución das obras “SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA NO EDIFICIO PÚBLICO DESTINADO A MOSTRA DO TRAXE JUANJO LIÑARES”, redactado por D. Isidro López Yáñez, arquitecto, colexiado nº 2261, cun orzamento base de licitación de 106.982,94 €.

2º.- Declarar a urxencia na tramitación deste expediente, cuxa adxudicación é preciso acelerar polas razóns de interese público que se sinalan no apartado 8 da Memoria xustificativa deste contrato.

3º.- De conformidade co sinalado polo técnico redactor do proxecto, de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro (LCSP), procede a non división en lotes do obxecto do contrato polo seguintes motivos:

“Por tratarse dunha obra completa, tal como se reflicte en proxecto, de pouca entidade no seu conxunto e as partidas que o compoñen son relativamente pequenas, entendendo o técnico redactor que contratar a mais dunha empresa, incluso entorpecería a boa marcha na execución da obra”.

4º.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que han de rexer a contratación por procedemento aberto, tramitación urxente, das obras “SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA NO EDIFICIO PÚBLICO DESTINADO A MOSTRA DO TRAXE JUANJO LIÑARES”.

5º.- Aprobar o expediente de contratación, aprobar o gasto con cargo á partida **333.632.00** do vixente orzamento municipal, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación por procedemento aberto, tramitación urxente das obras “SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA NO EDIFICIO PÚBLICO DESTINADO A MOSTRA DO TRAXE JUANJO LIÑARES”, por importe de **106.982,94 € (88.415,65 € prezo + 18.567,29 € IVE)**.

En Ordes, 23-07-2024

O Alcalde-Presidente

José Luis Martínez Sanjurjo  
(asinado dixitalmente)

O Secretario

Juan Luis González Iglesias